

Enquisa de condicións de vida das familias. Ano 2009

NOTA DE PRENSA

O ingreso medio mensual dos fogares galegos sitúase en 2.010 euros


O 54,8% dos ingresos dos fogares procede do traballo por conta allea

Composición dos fogares

A día 31 de decembro de 2009 existían en Galicia 1.036.931 fogares, dos cales o 19,8% estaba constituído por unha única persoa, o 31,3% por dúas, o 24,7% por tres e o 24,2% restante contaba con catro ou máis membros.

Fogares segundo o número de persoas. Galicia. Ano 2009

Porcentaxes



Fonte: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias

Nota: a data de referencia dos datos é o día 31 de decembro

Por tipoloxías, a máis habitual é a formada por unha parella con fillos (34,2% do total de fogares). Por provincias, Lugo e Ourense son as que contan cunha menor porcentaxe de fogares desta tipoloxía, mentres que é onde a porcentaxe de fogares unipersoais é maior.

Fogares segundo a tipoloxía do fogar. Galicia e provincias. Ano 2009

Porcentaxes

	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Unipersoal	19,8	18,5	22,8	26,0	17,7
Sen núcleo	2,1	2,0	3,4	2,1	1,8
Parella con fillos	34,2	34,2	31,0	27,8	38,2
Parella sen fillos	22,8	24,1	22,4	24,9	20,4
Monoparental	9,4	9,2	8,2	10,5	9,7
Un núcleo e outros	7,8	8,2	8,7	6,6	7,5
Varios núcleos	3,8	3,8	3,6	2,1	4,7
Total	100	100	100	100	100

Fonte: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias

Nota: a data de referencia dos datos é o día 31 de decembro

En Galicia existen 215.959 fogares compostos por persoas de 65 ou máis anos, o que supón o 20,8% do total de fogares galegos. Pontevedra é a provincia cunha menor porcentaxe de fogares deste tipo (17,7%) e no outro extremo atópase Ourense cun 29,1%.

Fogares compostos por persoas de 65 ou máis anos. Galicia e provincias. Ano 2009

Número e porcentaxes

	Número	Porcentaxe
Galicia	215.959	20,8%
A Coruña	79.436	18,7%
Lugo	36.625	27,1%
Ourense	39.973	29,1%
Pontevedra	59.925	17,7%

Fonte: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias

Nota: a data de referencia dos datos é o día 31 de decembro

Dos mozos de 25 a 34 anos que viven cos pais, un 60,8% ten ingresos procedentes só de traballo. Esta porcentaxe cae ao 32,3% entre os mozos de 18 e 24 anos. Dentro deste último grupo de idade, a porcentaxe máis alta é a dos mozos sen ingresos que acada o 50,4%.

Mozos que viven cos pais segundo a tipoloxía de ingresos. Galicia. Ano 2009

Número e porcentaxes

	De 18 a 24 anos		De 25 a 34 anos	
	Número	Porcentaxe	Número	Porcentaxe
Sen ingresos	85.043	50,4	38.563	21,1
Ingresos do traballo	54.580	32,3	111.043	60,8
Outros ingresos	29.161	17,3	33.182	18,2
Total	168.785	100	182.788	100

Fonte: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias

Nota: a data de referencia dos datos é o día 31 de decembro

Outros ingresos inclúe: "Ingresos de prestacións", "Ingresos de traballo e prestacións" e "Outros ingresos".

Dos sete grandes concellos de Galicia, Pontevedra e Vigo son os que presentan unha maior porcentaxe de fogares formados por unha parella con fillos (un 39% e un 41,5%, respectivamente), mentres que Ourense é o que conta cunha maior porcentaxe de fogares unipersoais (24,1%).

Por outra banda, en Ferrol un de cada catro fogares está composto por persoas de 65 ou máis anos, sendo xunto con Ourense os dous grandes concellos que presenta unha porcentaxe deste tipo de fogar maior á media galega (20,8%).

Situación demográfica. Grandes concellos. Ano 2009

Número e porcentaxes

	Concellos						
	A Coruña	Santiago de Compostela	Ferrol	Lugo	Ourense	Pontevedra	Vigo
Número de fogares	99.880	34.288	28.331	35.125	41.712	27.879	106.226
Número medio de persoas no fogar	2,4	2,7	2,5	2,6	2,4	2,8	2,7
Porcentaxe de fogares segundo a tipoloxía							
Unipersoal	22,0	16,9	20,8	17,2	24,1	18,4	16,6
Parella con fillos	32,4	33,7	34,5	37,7	31,9	39,0	41,5
Parella sen fillos	26,5	24,5	25,3	21,6	22,5	21,1	21,7
Monoparental	11,4	10,6	8,6	11,8	12,2	9,3	10,7
Outro tipo	7,7	14,3	10,9	11,7	9,4	12,2	9,6
Porcentaxe de fogares compostos por persoas de 65 ou máis anos	19,7	14,5	24,1	15,7	22,3	18,2	16,5


Fonte: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias

Nota: a data de referencia dos datos é o día 31 de decembro

A categoría "outro tipo" inclúe: "sen núcleo", "un núcleo e outros" e "varios núcleos".

Por áreas xeográficas, na área Lugo sur o 34,5% dos fogares está composto por persoas de 65 ou máis anos. No extremo oposto sitúase a área de Santiago de Compostela cun 12,9% de fogares desta tipoloxía.

Porcentaxe de fogares compostos por persoas de 65 ou máis anos. Áreas. Ano 2009



Fonte: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias


Nota: a data de referencia dos datos é o día 31 de decembro

Situación económica

No ano 2009 o ingreso medio mensual dos fogares galegos acada os 2.010 euros, inferior en 19 euros ao do ano anterior. Por provincias, son A Coruña e Pontevedra as que presentan maiores ingresos medios mensuais (2.098 e 2.041 euros, respectivamente). Ourense, con 1.729 euros ao mes, é a que presenta ingresos máis baixos.

Ingreso medio mensual por fogar. Galicia e provincias

Euros



Fonte: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias

O 54,8% dos ingresos dos fogares galegos procede do traballo por conta allea, o 11,6% do traballo por conta propia, o 30,8% de prestacións e o 2,8% restante de rendas e outros ingresos. Pontevedra e A Coruña son as provincias con maiores porcentaxes de ingresos procedentes do traballo (69,1% e 67,4%, respectivamente) mentres que Lugo e Ourense son as que contan con maiores porcentaxes de ingresos procedentes de prestacións.

Estrutura de ingresos dos fogares. Galicia e provincias. Ano 2009

Porcentaxes


	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Traballo conta allea	54,8	56,8	49,5	46,0	57,3
Traballo conta propia	11,6	10,6	12,2	14,0	11,8
Prestacións	30,8	29,3	34,7	37,5	28,8
Rendas e outros ingresos	2,8	3,3	3,6	2,6	2,1
Total	100	100	100	100	100

Fonte: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias

Con respecto ao ano 2008 produciuse unha diminución na porcentaxe de ingresos procedentes do traballo, tanto por conta allea como por conta propia, e un aumento na porcentaxe de ingresos procedentes das prestacións.

Estrutura de ingresos dos fogares. Galicia

Porcentaxes



Fonte: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias

No 28,2% dos fogares galegos o 100% dos seus ingresos provén das prestacións. Na provincia de Ourense esta porcentaxe acada o 40%.

Fogares nos que os ingresos por prestacións representan máis dun 50%, 75% ou 100% do total dos seus ingresos. Ano 2009

Porcentaxes

	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Máis dun 50%	39,8	37,0	46,4	50,4	36,2
Máis dun 75%	32,3	29,6	37,4	43,6	29,0
O 100%	28,2	25,1	31,8	40,0	25,9

Fonte: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias

No ano 2009 a taxa de risco de pobreza de Galicia sitúase no 14,3%, superior á do ano 2008 (13,9%). Esta taxa calcúlase como a porcentaxe de persoas cun ingreso equivalente inferior ao limiar de risco de pobreza, que se establece no 60% da mediana de ingresos equivalentes. Ao tomar ingresos equivalentes corríxese o efecto que produce o número de persoas do fogar no volume de ingresos. Para calcular as unidades de consumo asígnase un 1 ao primeiro adulto do fogar, 0,5 ao resto de adultos (persoas de 14 ou máis anos dese fogar) e 0,3 a cada neno do fogar (menores de 14 anos).

O limiar depende, polo tanto, do número de persoas que compoñen o fogar. Para un fogar unipersoal o limiar en 2009 é de 605,02 euros/mes, mentres que para un fogar composto por dous adultos (1,5 unidades de consumo) o limiar é de 907,5 euros/mes (1,5*605,02).

Limiar monetario de pobreza segundo a composición do fogar. Galicia. Ano 2009

Euros


	Galicia
Fogar composto por unha persoa	605,0
Fogar composto por dous adultos	907,5
Fogar composto por dous adultos e dous menores de 14 anos	1.270,5

Fonte: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias

Por provincias, a taxa máis alta corresponde a Ourense (18,3%) e a máis baixa á Coruña (12,9%). Con respecto ao ano 2008, diminúe a taxa de risco de pobreza en Lugo e Ourense (0,8 e 3,4 puntos porcentuais, respectivamente) e aumenta na Coruña e en Pontevedra (0,9 e 1,7 puntos).

Taxa de risco de pobreza. Galicia e provincias

Porcentaxe




Fonte: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias

En 2009 o 41,9% dos fogares galegos chega con facilidade ou moita facilidade a fin de mes, o 42,2% con dificultade e o 15,9% restante con moita dificultade, o que supón un aumento con respecto ao ano 2008 (11%).

Por áreas xeográficas, na área Pontevedra sur o 75,99% dos fogares teñen dificultade ou moita dificultade para chegar a fin de mes. Pola contra, na área de Ferrol-Eume-Ortega esta porcentaxe é do 50,29%.

**Porcentaxe de fogares con dificultade ou moita dificultade para chegar a fin de mes.
Áreas. Ano 2009**



Fonte: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias

Para os sete grandes concellos, Santiago, con 2.446 euros, é o que presenta o maior ingreso medio mensual por fogar, mentres que o máis baixo corresponde a Ourense (2.019 euros).

Por outra banda, o 74,5% dos ingresos dos fogares residentes no concello de Lugo proceden do traballo. No concello de Ferrol esta porcentaxe sitúase no 63,4%. Neste concello o 29,1% dos fogares teñen ingresos que proceden unicamente de prestacións.

Ingresos dos fogares. Grandes concellos. Ano 2009

Número e porcentaxes


	Concellos						
	A Coruña	Santiago de Compostela	Ferrol	Lugo	Ourense	Pontevedra	Vigo
Ingreso medio mensual por fogar (€)	2.271	2.446	2.250	2.381	2.019	2.425	2.246
Estrutura de ingresos dos fogares (%)							
Traballo conta allea	60,4	65,9	55,8	65,4	56,9	63,8	60,9
Traballo conta propia	8,3	8,0	7,6	9,1	11,9	9,4	9,2
Prestacións	27,2	22,6	32,7	22,8	28,0	24,1	27,2
Rendas e outros ingresos	4,2	3,6	4,0	2,7	3,2	2,6	2,7
Taxa de risco de pobreza (%)	10,3	9,5	8,5	8,6	13,6	9,8	11,1
Porcentaxe de fogares nos que os ingresos por prestacións representan máis do:							
50% do total dos seus ingresos	35,7	29,2	41,8	28,5	38,5	29,6	34,7
75% do total dos seus ingresos	30,2	22,6	33,3	22,7	31,9	24,0	27,8
100% do total dos seus ingresos	24,8	19,4	29,1	19,1	27,9	21,6	24,5

Fonte: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias

Ingreso medio mensual por fogar. Áreas. Ano 2009

- 2,221€ a 2,280€
- 2,011€ a 2,221€
- 1,816€ a 2,011€
- 1,646€ a 1,816€
- 1,459€ a 1,646€

Media galega: 2010€



Fonte: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias

Gastos dos fogares

O 22% dos fogares galegos ten gasto en hipoteca da vivenda principal, cun gasto medio de 467,7 euros ao mes. Por provincias, A Coruña é a que conta cunha maior porcentaxe de fogares con gasto en hipoteca (23,9%) e Pontevedra é a que rexistra un maior gasto medio mensual neste concepto (490,3 euros/mes).

Gasto dos fogares en hipoteca da vivenda principal.

Galicia e provincias

Porcentaxes e euros

	Hipoteca da vivenda principal					
	Porcentaxe de fogares con gasto en hipoteca			Gasto medio mensual en hipoteca (€)		
	2007	2008	2009	2007	2008	2009
Galicia	20,7	20,7	22,0	462,7	462,1	467,7
A Coruña	23,1	23,3	23,9	461,1	462,0	478,2
Lugo	18,4	17,5	19,2	406,8	426,0	408,7
Ourense	12,8	14,3	15,3	457,1	424,8	404,2
Pontevedra	21,9	21,4	23,4	485,4	484,3	490,3

Fonte: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias

No tocante ao aluguer, o 10,5% dos fogares teñen gasto en aluguer da vivenda principal e o gasto medio mensual, unha vez descontadas as axudas, sitúase en 301 euros ao mes. Por provincias, A Coruña é a que presenta unha maior porcentaxe de fogares con gasto en aluguer (11,6%) e Pontevedra o maior gasto (344,1 euros/mes)

Gasto dos fogares en aluguer da vivenda principal. Galicia e provincias

Porcentaxes e euros

	Aluguer da vivenda principal					
	Porcentaxe de fogares con gasto en aluguer			Gasto medio mensual en aluguer (€)		
	2007	2008	2009	2007	2008	2009
Galicia	10,6	9,8	10,5	288,0	278,7	301,0
A Coruña	12,0	9,8	11,6	279,2	277,6	281,5
Lugo	8,0	8,3	7,3	253,1	211,5	252,8
Ourense	8,7	6,6	8,5	270,6	249,4	286,0
Pontevedra	10,7	11,7	11,0	317,1	305,8	344,1

Fonte: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias

Dentro dos sete grandes concellos galegos, Lugo é o que conta cunha maior porcentaxe de fogares con gasto en hipoteca da vivenda principal (31,7%). O maior gasto medio en hipoteca rexístrase en Pontevedra (551,79 euros/mes).

Respecto ao aluguer da vivenda principal, a maior porcentaxe de fogares con este gasto dáse no Concello da Coruña (20,6%) e o gasto medio mensual máis elevado en Pontevedra (381,9 euros/mes).

Gasto dos fogares en aluguer e hipoteca da vivenda principal. Grandes concellos. Ano 2009

Porcentaxes e euros

	Hipoteca da vivenda principal		Aluguer da vivenda principal	
	Porcentaxe de fogares con gasto en hipoteca	Gasto medio mensual en hipoteca (€)	Porcentaxe de fogares con gasto en aluguer	Gasto medio mensual en aluguer (€)
A Coruña	27,6	508,2	20,6	303,5
Santiago de Compostela	15,6	474,0	15,4	340,0
Ferrol	22,6	411,0	15,2	150,8
Lugo	31,7	435,1	11,0	299,3
Ourense	21,3	458,6	16,5	299,8
Pontevedra	26,9	551,7	15,6	381,9
Vigo	24,0	548,6	16,8	371,6


Fonte: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias

Fogares con aforro en alimentos ou reparacións

En 2009 o 42,9% dos fogares galegos manifesta ter aforro en alimentos, xa sexa porque os produciu o propio fogar ou ben porque llos regalou algún familiar ou amigo. Nos municipios de menos de 10.000 habitantes esta porcentaxe sobe ata o 66,2%, mentres que nos municipios de máis de 50.000 habitantes acada o 23,6%.

Fogares con aforro en alimentos ou reparacións segundo o tamaño do municipio. Galicia. Ano 2009

Porcentaxes



Fonte: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias

Nota: a data de referencia dos datos é o día 31 de decembro

O aforro en alimentación refírese a que os produciu o fogar ou ben llos regalou algún familiar ou amigo.

O aforro en reparacións refírese a tarefas como pintar, reparar avarías, facer ou montar mobles, etc realizados por algún membro do fogar e que supuxeran un aforro estimado de máis de 500 euros anuais.

Pódese consultar a metodoloxía desta estatística en:

<http://www.ige.eu/web/Controlador?operacion=mostrarmetodologias&idioma=gl&tema=1030&paxina=003002001>

Resultados detallados en:

http://www.ige.eu/web/mostrar_actividade_estadistica.jsp?idioma=gl&codigo=0205002006

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística

Complexo Administrativo San Lázaro s/n

15703 Santiago de Compostela (A Coruña)

Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?>

Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)

FAX: 981.54.13.23

Notas de prensa en : <http://www.ige.eu>